

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 12 de abril de 2021, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto de ampliación dunha piscifactoría de cría de linguado na nova planta de Bico da Ran, Sartaxes-Castro, no concello de Cambados (Pontevedra) (expediente 2019/0091).

De conformidade co artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise público o informe de impacto ambiental do 9 de abril de 2021 do proxecto de ampliación dunha piscifactoría de cría de linguado na nova planta de Bico da Ran, Sartaxes-Castro, no concello de Cambados (Pontevedra), promovido por Aquacría Arousa, S.L.

Este informe poderase consultar na seguinte ligazón <https://cmatv.xunta.gal/resolucions-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2021

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático

CVE-DOG: fo8itzb4-y140-min0-iao9-kud1tla5zpl7

